

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A. COA FINALIDADE DE POR A DISPOSICIÓN DE GALARIA DIVERSO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o 15.11.2016 o Servizo Galego de Saúde formalizou con Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sintaurea e ata a finalización dos contratos de adxudicación aos que se refire a súa cláusula sexta.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a posta a disposición dos Servizos de Radioloxía, Medicina Nuclear e Oncoloxía Radioterápica de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. dos equipos, actualizacións, evolucións e sistemas operativos mencionados nos expositivos IV e V do convenio, e que corresponden cos contratos adxudicados dos lotes 1 e 3 do expediente de contratación DC-SER1-13-054.

A tal fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese a poñer a disposición de Galaria os equipos mencionados, así como cumprir os contratos de adxudicación coas empresas VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBERICA, S.L. e con PHILIPS IBERICA S.A. coa finalidade de que Galaria, poida dispor dos equipos mencionados e así realizar as funcións de prestación de asistencia sanitaria nos termos establecidos no correspondente contrato-programa. Asemade, realizará a función de coordinación, xunto con Galaria, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución deste convenio.

Pola súa banda Galaria compensará ao Servizo Galego de Saúde os importes asociados á posta a disposición dos mencionados equipos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Galaria, que se constitúe como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultaría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario, especialmente no campo de alta tecnoloxía sanitaria.

Así mesmo, entre os beneficiarios dos servizos de asistencia de medicina nuclear, oncoloxía radioterapéutica e resonancia magnética, prestados por Galaria, están como referencia, a poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde dentro das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada de Vigo, de Pontevedra e O Salnés e de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Por outra banda, o Servizo Galego de Saúde, formalizou o 1 de agosto de 2015, un contrato coa empresa PHILIPS IBÉRICA S.A., dando lugar a adxudicación do Lote 1-Intervencionismo guiado por imaxe do expediente DC-SER1-13-054, e o 28 de maio de 2015 un contrato coa empresa VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBÉRICA S.L., segundo o cal procedeuse a adxudicación do Lote 3-Radioterapia do expediente DC-SER1-13-054.

Dado que resulta necesario optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, considérase necesario e oportuno formalizar o presente convenio de colaboración para a posta a disposición de Galaria do equipamento sinalado no mesmo, de cara á prestación da asistencia sanitaria á poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde e asignada a Galaria.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 19 de decembro do 2016.